

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de persoal laboral fixo denominada: operario (OEP 2021)

Esta alcaldía polo Decreto núm.433/2025, do 6 de marzo, aprobou a resolución que a continuación se transcribe literalmente:

Rematado o prazo de presentación de emendas ou reclamacións á listaxe provisoria publicada no BOP núm. 19 do 29-1-2025 do proceso selectivo para a provisión en propiedade, mediante o sistema de concurso-oposición en quenda libre, dunha praza de persoal laboral fixo denominada: operario (grupo V do Convenio Colectivo) vacante no cadro de persoal e incluída na Oferta de Emprego Público do Concello de Sada para 2021(BOP núm. 246, do 28-12-2021 e BOP núm.88, do 7-5-2024).

De conformidade co disposto nas bases xerais para o desenvolvemento da oferta de emprego público para o Concello de Sada do ano 2021, aprobadas polo Decreto desta Alcaldía núm. 788/2023 do 27 de abril, (BOP núm. 85, 5-5-2023), modificadas polo Decreto de Alcaldía núm.1098/2024, do 10 de xuño, (BOP núm. 120, 21-6-2024), e nas específicas deste proceso, aprobadas polo Decreto da Alcaldía núm.2134/2024, do 22 de novembro (BOP núm.230, do 28-11-2024),
RESOLVO:

1º.- Aprobar a seguinte relación definitiva de persoas admitidas e excluídas

PERSOAS ADMITIDAS				
Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Lingua preferencia exames	CELGA 2/ Equiv
1	***1479**	Abeledo Ambite, Luis	Galego	NON
2	***8015**	Ben Resua, José Mario	Castelán	SI
3	***6691**	Candal García, Juan Carlos	Galego	SI
4	***4278**	Garaboa Carro, Antonio	Castelán	NON
5	***0153**	Gayoso Ponte, Pablo	Castelán	SI
6	***2452**	López Prol, Manuel	Castelán	NON
7	***3690**	Marciel Calaza, Francisco	Castelán	SI
8	***2527**	Pedreira García, Rubén José	Castelán	SI
9	***9466**	Preseado Garrido, Francisco Tomás	Galego	SI
10	***6346**	Roca Fernández, Emilio	Castelán	SI
11	***5935**	Sada Neira, Fernando	Castelán	SI
12	***6829**	Suárez Bravo, María Vanessa	Galego	SI
PERSOAS EXCLUÍDAS: Ningunha				

A listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios do concello, na páxina web e no taboleiro da sede electrónica municipal <https://sede.sada.gal>.

2º. O Tribunal cualificador estará composto polos seguintes membros:

Presidente: María del Carmen Seoane Bouzas, secretaria do Concello de Sada

Suplente: María Díaz Arévalo, psicóloga do Concello de Sada

Secretario: María Jesús Ramos Esperante, técnica-tesoureira do Concello de Sada

Suplente: María Belén Novo Reimúndez, administrativo de admón. xeral do Concello de Sada

Vogais:

Titular: María Elisa Gómez Ferreiro, técnica de xestión de admón. xeral do Concello de Sada

Suplente: Ana Cobas García, traballadora social-coordinadora do Concello de Sada

Titular: Andrés Varela Parafita, arquitecto do Concello de Sada

Suplente: Marcos Fernández Vieito, arquitecto técnico do Concello de Cambre

Titular: Ramón Soengas Gómez, arquitecto técnico do Concello da Laracha

Suplente: Moisés Táboas Fernández, arquitecto técnico do Concello de Nigrán

3º A constitución do Tribunal Cualificador terá lugar o día 20 de marzo de 2025, ás 8.00 horas na Casa do Concello, situada na Avda. do Porto 24 de Sada.

4º. Convocar ás persoas aspirantes para a celebración do primeiro exercicio que terá lugar o día 20 de marzo de 2025 ás 10.30 horas no salón de Plenos da Casa do Concello, situada na Avda. do Porto 24 de Sada. a. Os aspirantes acudirán provistos do seu DNI. A data de realización do resto dos exercicios publicarase no taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica, sen prexuízo de que se poida dar información a través da web municipal.

O que se publica para coñecemento xeral

Sada, 7 de marzo de 2025

O alcalde.: Óscar Benito Portela Fernández

2025/1495